

Marina Núñez Orjales, Secretaria do Concello de Carballo – A Coruña

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 7 de abril de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“3.- CONCESIÓN SUBVENCIONS NOMINATIVAS

3.8.- Concesión de subvención nominativa a AD Un Paso Mais para o financiamento da actividade “Actividades deportivas inclusivas en horario extraescolar AD Un Paso Mais 2025”

A alcaldía da conta da proposta de data 04/04/2025, contida no expediente 2025/A004/000009 e 2025/G006/000147, do concelleiro delegado da Área de Deportes e Participación Cidadá, José Daniel Pérez López.

ANTECEDENTES.

O Concello de Carballo, de acordo ós principios xerais que seguirán as diferentes administracións para o fomento da práctica do deporte segundo o artigo 4 da Lei do Deporte de Galicia, e en virtude das competencias establecidas no artigo 8 da mesma lei para os municipios, considera a colaboración co Asociacionismo Deportivo do ámbito territorial propio como piar básico para acadar un sistema deportivo participativo, amplo e diversificado e cumprir ca encomenda de fomento e protección do dereito ó coñecemento e á práctica do deporte.

A Base de Execución vixésima novena, apartado dous, do Orzamento Xeral para 2025 do Concello de Carballo”, dita que “No exercicio 2025, conforme ó establecido no artigo 22.2.a) da Lei xeral de subvencións outorgaranse as subvencións nominativas que seguidamente se detallan aos perceptores e polo importe máximo que se indica” figurando como beneficiario A.D. Un Paso Mais co importe máximo de 6.000,00 €.

A entidade “A.D. Un Paso Mais” (G70430608) é unha asociación deportiva sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro de Asociacións Deportivas de Galicia con Nº C-12153 e no Rexistro Municipal de Asociacións co número 98, e que promove actividade deportiva inclusiva no ámbito da diversidade funcional no ámbito do Concello de Carballo.

En data 12 de febreiro de 2025 (Nº Rxtr. Entrada 202590000001092), “A.D. Un Paso Mais” realiza petición de colaboración económica do Concello de Carballo para realizar a actividade “Actividades Deportivas Inclusivas en horario extraescolar AD Un Paso Mais 2025”, incluíndo proxectos de actividade e orzamentos, entre outros.

A lei 39/2022, do 30 de decembro do Deporte contempla como un eixo a promoción do deporte inclusivo e practicado por persoas con diversidade funcional instando aos poderes públicos a promover as políticas necesarias para garantir a igualdade de oportunidades das persoas con diversidade funcional no ámbito deportivo e a promover políticas de fomento da práctica deportiva no ámbito da diversidade funcional.

A lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia adica o seu artigo 16 á diversidade funcional indicando que “a administración municipal velará pola práctica deportiva de toda persoa con algunha discapacidade”.

Consta no expediente o informe da Intervención municipal, de data 04/04/2025.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.

- Artigo 25.2.L da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2025/0001/000001

- Artigo 22.2.A da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Artigo 8 da Lei 3/2012 do Deporte de Galicia.
- Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Carballo (BOP de A Coruña núm. 29 de 9 de febreiro de 2018).
- Bases de Execución do orzamento xeral para 2025 do Concello de Carballo.

Por iso, en base ao Decreto 632/2025, do 26, de febreiro, de revogación e delegación de competencias na Xunta de Goberno Local, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar, con arranxo á base vixésima novena, apartado 2 das de Execución do Orzamento da Corporación para 2025 o outorgamento dunha subvención nominativa por importe de 6.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3410.48901, na que se ten realizado a correspondente retención de crédito, á entidade "A.D. Un Paso Mais" (G70430608) para a realización da actividade "Actividades Deportivas Inclusivas en horario extraescolar AD Un Paso Mais 2025".

SEGUNDO.- Aprobar o texto do "Convenio de colaboración entre o Concello de Carballo e A.D. Un Paso Mais (G70430608), correspondente á subvención nominativa outorgada para financiar a realización da actividade "Actividades Deportivas Inclusivas en horario extraescolar AD Un Paso Mais 2025" cuxo clausulado se transcribe a continuación, e proceder á súa formalización.

"Convenio de colaboración entre o Concello de Carballo e o A.D. Un Paso Mais (Cif G70045844), correspondente á subvención nominativa outorgada para financiar a realización da actividade "Actividades Deportivas Inclusivas en horario extraescolar AD Un Paso Mais 2025".

En Carballo, o ___ de _____ de 2025, REUNIDOS D. Evencio Ferrero Rodríguez (_____), Alcalde do Concello de Carballo, e Dna Banesa Martínez Rodríguez (_____), Presidenta de A.D. Un Paso Mais, MANIFESTAN

Que ambas partes se recoñecen plena capacidade para otorgar o presente convenio.

Que o Concello de Carballo, dacordo ós principios xerais que seguirán as diferentes administracións para o de fomento da práctica do deporte segundo o artigo 4 da Lei do Deporte de Galicia, e en virtude das competencias establecidas no artigo 8 da mesma lei para os municipios, considera a colaboración co Asociacionismo Deportivo do ámbito territorial propio como piar básico para acadar un sistema deportivo participativo, amplo e diversificado e cumprir ca encomenda de fomento e protección do dereito ó coñecemento e á práctica do deporte.

Que o Concello de Carballo ten o máximo interese na promoción do deporte inclusivo e practicado por persoas con diversidade funcional e na implementación de políticas de fomento da práctica deportiva no ámbito da diversidade funcional que faciliten a necesaria igualdade de oportunidades das persoas con diversidade funcional no ámbito deportivo.

Que A.D. Un Paso Mais é unha asociación deportiva sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro de Asociacións Deportivas de Galicia con nº C12153 e no Rexistro Municipal de Asociacións co número 98, e que promove actividade deportiva inclusiva no ámbito da diversidade funcional e no ámbito xeográfico do Concello de Carballo.

En función das consideracións expostas, o Concello de Carballo e A.D. Un Paso Mais, coa finalidade de determinar as condicións da súa colaboura, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, dacordo cas seguintes CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboura entre o Concello de Carballo e o A.D. Un Paso Mais para financiar a realización da actividade "ACTIVIDADES DEPORTIVAS INCLUSIVAS EN HORARIO EXTRAESCOLAR AD UN PASO MAIS 2025".

Estas consisten en actividades físico-deportivas inclusivas en horario extraescolar, dirixidas a nenas e nenos, adaptadas, inclusivas e fomentando a convivencia, e con datas de celebración durante todo a ano.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

A.D. Un Paso Mais desenvolverá as actividades programadas, segundo o definido na cláusula anterior, conforme ós seguintes orzamentos:

GASTOS		INGRESOS	
CONCEPTO	IMPORTE	CONCEPTO	IMPORTE
Profesorado (servizos externos)	12.000,00 €	Subvención Concello de Carballo	6.000,00 €
		Cuotas participantes	6.000,00 €
TOTAL	12.000,00 €	TOTAL	12.000 €

Na execución do orzamento poderase modificar a cuantía aplicada a cada concepto de gasto en función das propias necesidades de execución da actividade subvencionada, se ben se deberán respectar os conceptos de gasto definidos no mesmo.

III.- Financiamento do Concello de Carballo e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

*1. O Concello de Carballo contribuirá ó financiamento das actividades, tal como se define na cláusula primeira, con una aportación máxima de **6.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe máxima do **50,00 %**, debido ó interese social da actividade motivado no preámbulo e ao positivo impacto no sistema deportivo local. En caso de que o gasto xustificado non acadara o importe total previsto na cláusula segunda (12.000,00 €), o Concello de Carballo só aportará o importe que represente o 50,00 % da cantidade efectivamente xustificada. O importe do financiamento municipal farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 3410.48901, do Orzamento Xeral do Concello de Carballo para 2025.*

2. A subvención do Concello de Carballo é compatible ca percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención municipal, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

3. Non obstante, no caso de que a concurrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación municipal no importe necesario para darlle estricto cumprimento ó apartado anterior.

IV.- Obrigas derivadas da execución e Contratación da execución.

1. É obriga de A.D. Un Paso Mais cumprir co esixido na regulamentación que se detalla de seguido e obter as autorizacións dos organismos competentes para celebrar as actividades subvencionadas: Real Decreto 849/1993 do 4 de xuño de 2003, sobre a contratación do seguro de responsabilidade civil e accidentes, así como o establecido no artigo 23 da Lei 13/2015, de 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia Lexislación sectorial que resulte de aplicación.

2. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou suministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle a A.D. Un Paso Mais. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas, nen con calquera outra na que concurra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Ley 38/2003, del 17 de noviembre, General de Subvenciones.

3. No caso de que A.D. Un Paso Mais tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirille ó Concello de Carballo un exemplar do proxecto modificado.

V.- Publicidade e financiación municipal.

1. Na publicidade pola que se dé a coñecer a realización das actividades subvencionadas, xa sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou redes sociais e similares, deberase facer constar o financiamento do Concello de Carballo.

2. Así, figurarán en lugar visible e destacado os logotipos do Concello de Carballo e de Carballo Deporte.

3. A vestimenta deportiva que se adquira para realizar as actividades subvencionadas deberá incluír os anagramas do Concello de Carballo e Carballo Deporte. Consultarase ó Servizo de fomento e programas

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2020/0001/000001

deportivos a validación da ubicación, tamaño, etc. dos mesmos a elixir.

VI.- Pagamento.

- 1. Unha vez asinado o presente convenio, realizarase un anticipo do 95% do total concedido. Unha vez xustificada axeitada e correctamente a subvención realizarase o pago do 5% restante.*
- 2. O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira aportada na documentación de solicitude da subvención.*
- 3. En canto ó pagamento é de aplicación o establecido na cláusula IX.*

VII.- Documentación Xustificativa.

Unha vez rematadas as actividades, A.D. Un Paso Mais deberá presentar a xustificación documental seguinte:

- 1. Memoria de actuación suscrita polo representante legal de A.D. Un Paso Mais, xustificativa do cumprimento das condicións impostas no presente convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.*
- 2. Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acreedores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes (con IVE e sen IVE) e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ó orzamento detallado na cláusula segunda.*
- 3. Orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xanerio e o 31 de decembro de 2025.*
- 4. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá extenderse unha dilixencia sobre o original na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención otorgada polo Concello de Carballo.*
- 5. Declaración de outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.*
- 6. Cadro-Balance das desviacións producidas sobre o orzamento previsto na cláusula II.*
- 7. Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento do Concello de Carballo.*

VIII.- Prazo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

- 1. As actividades que son obxecto de financiamento municipal, tal como están descritas na cláusula primeira rematarán non mais tarde do día 31 de decembro de 2025.*
- 2. Unha vez rematadas as actividades, A.D. Un Paso Mais deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta con data límite de un mes dende a data do remate efectivo das actividades.*
- 3. Se a sinatura do convenio que materializa a concesión de subvención se asinara unha vez celebrada a actividade, o prazo de xustificación será de un mes computado a partir do día seguinte ó da sinatura do convenio.*
- 4. De conformidade con disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Ley de Subvenciones (Real decreto 887/2006, del 21 de julio), transcurrido este último prazo sin que se recibira xustificación algunha, a unidade xestora remitiralle un requerimento a A.D. Un Paso Mais para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ó respecto.*

IX.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.

- 1. A.D. Un Paso Mais deberá estar ó día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e posteriormente, con carácter previo ó pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias ca Administración do Estado, ca Comunidade Autónoma, co Concello de Carballo e coa Seguridade Social.*
- 2. O Concello de Carballo comprobará o cumprimento de ditas obrigas, ó cal non se opón A.D. Un Paso Mais.*

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2025/0001/000001

X.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1. A.D. Un Paso Mais destinará os fondos recibidos ó pago dos gastos xenerados pola actividade proxectada.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito o crédito, cheque nominativo ou cualquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 300,00 €.

3. A.D. Un Paso Mais deberá contar con un rexistro cronolóxico de cobros e pagos nos que se inclúan, entre outros, os relativos ós gastos xustificadas e ós ingresos declarados con respecto a esta subvención.

XI.- Control financeiro do Concello de Carballo e dos órganos de control externo.

O beneficiario deberá someterse ás actuacións de comprobación e control que os órganos competentes do Concello realicen, a través dos seus servizos técnicos, respecto do cumprimento dos seus compromisos, así como da aplicación dos fondos percibidos, aportando canta información sexa requirida. De igual forma quedarán sometidos ás actuacións que poidan realizar o Consello de Contas de Galicia ou o Tribunal de Cuentas.

XII.- Reintegro, infraccións e sancións.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ó pago dos intereses de demora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ate o momento en que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Se perxuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Ley 38/2003, del 17 de noviembre, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas.

3. Se se produce retraso no prazo de xustificación e non excede de un mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por cento do importe da subvención outorgada co límite de 150,00€, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

XIII.- Incorporación ó rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

No cumprimento do disposto no artigo 18.2 da Ley 38/2003, general de subvenciones, e demais normativa de desenvolvemento, o Concello de Carballo remitirá a Base de Datos Nacional de Subvenciones información sobre a concesión desta subvención a A.D. Un Paso Mais

XIV.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

O período de vixencia do presente convenio abarca o ano 2025 e rematará o 31 de decembro de 2025.

XV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Ley 38/2003, del 18 de noviembre, General de Subvenciones, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle ós órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias desposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora desa xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poida xurdir a consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 7/04/2025.

E en proba de conformidade asinan o presente convenio en lugar e data indicados no encabezamento.”

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2025/G007/000007

E para que conste, para os efectos oportunos expido o presente certificado coa reserva establecida no art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, en Concello de Carballo, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

V. e Pr.
O alcalde